

Xoves, 11 de abril de 2024

Núm. 71

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións**

*ADXUDICACIÓN DA PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DA
ÁREA DE SERVIZOS XERAIS MEDIANTE O SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN.
EXPT.41882-220*

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 1 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMERO.—Resolver a convocatoria para a provisión con carácter definitivo mediante Libre Designación (LD) do posto de traballo vacante “Xefe/a da Área de Servizos Xerais”, e que de seguido relacionase:

- Denominación do posto: “Xefe/a da Área de Servizos xerais”.
- Servizo no que se adscribe: Área de Servizos xerais e Vías e Obras (440).
- Referencia do posto (Ref. Posto) na RPT: 4400101
- Escala: Administración Especial (AE)
- Subescala: Técnica Superior
- Grupo: A. subgrupo: A1
- Forma de provisión: Libre designación (LD)
- Titulación: 1

SEGUNDO.—Nomear con cargo ao posto de traballo de “Xefe/a da Área de Servizos Xerais”, obxecto da presente convocatoria, ao funcionario de carreira D. J. Centrón Castaños, con D.N.I.**10097**, segundo a motivación contida no Informe de Idoneidade de data 21/02/2024, asinado polo TAX, o Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais e polo Xefe da Área de Investimentos, trámite 157 do expediente de referencia.

TERCEIRO.—Ordenar a publicación no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo da presente resolución, notificándose igualmente aos aspirantes ao posto de traballo convocado.

CUARTO.—Indicar que, consonte ás Bases, o prazo de toma de posesión no novo destino será de 3 días hábiles, si se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou de 1 mes, si se trata de primeiro destino ou de postos de traballo en localidade distinta.



Xoves, 11 de abril de 2024

Núm. 71

Contra a presente Resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Vigo, data da sinatura electrónica.

MDG/ALP

O alcalde

P.D. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023)-. María Olga Alonso Suárez

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).-Patricia Rodríguez Calviño

